

Manifesto da AELG no 25 de novembro: O dioivo que non cesa, por María Reimóndez

viernes, 22 noviembre 2013, 18:03, por Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG)

Manifesto da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega No 25 de novembro, día en que reclamamos unidas a fin da violencia de xénero

O dioivo que non cesa

María Reimóndez

A violencia que exercedes contra nós é o dioivo que non cesa. Se cadra non queredes ver as pingas, mais o dioivo existe. Non fai falla abrir o xornal e atopar outra muller asasinada, a auga comeza a caer moito antes. Componse de todos os espazos dos cales nos expulsades, das decisións que tomades sobre os nosos corpos e sobre as nosas vidas, do imaxinario que como sociedade construímos e que afirma o dereito dos homes a ser os nosos donos e que nos inculca a nosoutras a submisión e a obediencia. Ao final de todas esas palabras, dos pequenos desprezos de cada día, dos insultos ás mulleres que falamos alto, da estigmatización constante das que no medio da choiva torrencial tendemos as mans as unhas ás outras, están os nosos cadáveres. Sobre eles asentades a vosa sociedade.

Nosoutras non queremos os vosos paraugas fanados, eses que estendedes cada vez

que aparece un dos nosos corpos asasinados rachando as vestiduras, describindo aos agresores coma tolos, culpando as vítimas mortas por non denunciar ou a aquelas que sobreviven por levar certas roupas, estar onde non deben a certas horas ou comportarse como segundo vós non é correcto. Nosoutras o que queremos é unha sociedade nova, unha sociedade que non se asente na violencia diaria e permanente contra ao 50% das súas integrantes, que non busque a complicidade das propias mulleres para exercela e que non fomente o desentendemento por parte dos homes como colectivo do comportamento dos seus integrantes individuais. Non queremos unha sociedade na que as formas de ocio dos homes inclúan o comercio cos corpos das mulleres, unha na que o lugar máis perigoso para nós sexa o fogar, unha sociedade na que se aterrorice ás mozas coa violación pero non se eduque aos mozos para que non a cometan.

Tampouco queremos unha sociedade onde as vítimas queden á intemperie, onde a impunidade sexa rampante e onde dez mulleres teñan que poñerse en folga de fame porque as opcións que teñen a escoller son a morte ou a morte. Disto todas nós somos responsables. Os dioivos tampouco admiten comparacións, non valen as gradacións e as excusas, non vale dicir que aquelas están peor e nosoutras mellor porque mentres sigamos sendo vítimas da violencia en calquera recuncho do planeta ningunha de nós deixará de estar á intemperie. Porque semellades esquecer que son as pingas as que poden erosionar as rochas e que igualmente este dioivo de violencias ao que nos sometedes cada día non permite que exista xustiza en ningunha sociedade.

Mais no medio da choiva non debemos esquecer que os dioivos se forman na terra. Son auga que se evapora e logo cae, por iso se queremos cambiar algo debemos de ir ás raíces. De aí que as medidas máis importantes son aquelas que implican poñer en dúbida os valores existentes, deixar espazo para que as mulleres falemos, recoñecer os nosos dereitos, saberes e coñecementos e rematar cos espazos onde constantemente se nos cousifica, se nos educa para ser princesas e se nos define exclusivamente en relación a algún varón.

Por iso nosoutras, que somos coma os ríos, os mares e os océanos traballamos cada día no medio do trebón para cambiar as pingas do orballo e da xeadada, para darnos a

man. Para que o dioivo que caía, no canto de ser os nosos corpos mazados, sexa auga para unha nova sociedade. Iso é o que reclamamos aquí e agora na mesma voz que nos une a todas as persoas do mundo que hoxe saímos á rúa para denunciar a violencia, esixir a súa fin e poñer en valor o noso traballo. Non estamos soas. Somos xa enxurrada de pingas poderosas que se arrepción ao torrente que quere afogarnos.

Transcreación dun poema de Sara Teasdale (*St. Louis, Missouri, 1884- Nova York, 1933*).

VIRÁN AS CHOIVAS LENES (Tempo de guerra)

Virán as choivas lenes e o arrecendo do relente,
e as andoriñas revoando co seu escintilante son;

e as ras nas pozas cantarán pola noite,
e as ameixeiras salvaxes de branco trémulo vestirán;

Os paporroibos lucirán a súa plumaxe de lume,
e asubiarán os seus anceios nas cancelas baixas;

e ningunha coñeceremos a guerra, ningunha
terá que preocuparse máis dela cando por fin cando remate.

A ningunha, sexa árbore ou ave,
importará que os violentos perecesen;

E a primavera mesma, ao espertar ao mencer
nin sequera botará en falta a súa ausencia.

...